



CONFIRMACIÓN DA PROGRAMACIÓN CULTURA NO CAMIÑO 2015

Recibida e examinada a programación do Multiusos da Xunqueira, comunicámoslle a aceptación da mesma coas actuacións e cachés que figuran neste documento, non sendo admitido ningún cambio sen a autorización previa da Agadic.

DATA	HORA	ESPAZO	COMPAÑIA/GRUPO	ESPECTÁCULO	AGADIC	CONCELLO
04-07-2015	22:00	Praza da Casa da Torre, Redondela	Nelson Quinteiro	Nelson Quinteiro. Formato Sexteto	1,364.88 €	2,047.32 €
10-07-2015	22:00	Praza da Casa da Torre	Compañía Asacocirco	Lume	0.00 €	900.00 €
11-07-2015	22:00	Praza da Casa da Torre, Redondela	Rúa & Xestreu	Xestreu e Rúa (con Formación de 6 músicos)	973.52 €	1,521.48 €
08-08-2015	22:00	Praza da Casa da Torre, Redondela	GERMAN DIAZ	METODO CARDIOFÓNICO	1,161.60 €	1,742.40 €
Total:					3,500.00 €	6,211.20 €

Para o correcto desenvolvemento da mesma deberanse cumprir os seguintes compromisos:

1. O pago da porcentaxe correspondente á Agadic, será aboado pola Axencia directamente aos grupos e compañías previa presentación da factura e do correspondente certificado de actuación.
2. O pago da porcentaxe correspondente ao concello, será aboado polo concello directamente aos grupos e compañías previa presentación da factura e demais documentación requirida por esa entidade.
3. O secretario do concello ou no seu caso, o responsable da programación deberá facilitarlle aos grupo/compañía un certificado, no prazo máximo de 5 días seguintes á actuación, conforme á actuación tivo lugar segundo o calendario previsto. **Nota:** O certificado pode descargarse na páxina <http://www.gallescena.info/redes/documentacion/culturacamino>
4. O concello deberá poñer á disposición dos grupos e compañías a infraestrutura técnica precisa para o correcto desenvolvemento da actividade así como a organización puntual de cada actividade.
5. Correspóndelle ao concello o pago dos dereitos de autor de cada unha das actividades aquí recollidas.
6. O concello comprométese á distribución da publicidade realizada por Agadic para este programa.
7. O concello comprométese a que apareza en todo o material de difusión que realice, a denominación **Cultura no Camiño**, así como a imaxe corporativa da Agadic, da Axencia Turismo de Galicia e da Xunta de Galicia, segundo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, e aqueles logotipos que estean en vigor no momento da execución da programación. Da mesma maneira, nos actos de comunicación pública levados a cabo débese facer constar expresamente a **colaboración da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), Axencia Turismo de Galicia e no seu caso, outros patrocinadores do programa, que se comunicarán no seu momento aos concellos participantes.**
8. En ningún caso, as actividades incluídas neste programa poderán incluírse en outro tipo de programacións promovidas polo concello (premios, cursos, concursos, encontros, festivais, festas patronais, etc.) sen o consentimento explícito e por escrito da **AGADIC.**
9. O concello deberá presentar antes do 31 de decembro do presente ano un xustificante de ter realizado o pago aos grupos e compañías programados mediante unha copia compulsada da transferencia bancaria.

A Agadic non se vincula a outro tipo de gasto que non sexa o aquí estipulado. No caso de cancelación por causas alleas á Agadic, os gastos que procedan serán dirimidos entre o concello e o grupo/compañía.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2015

O director de AGADIC	O representante do concello
Asdo: Jacobo Sutil Nesta	Javier Bas Corugeira

